

DIFERENZAS ENTRE O LIBERALISMO DOUTRINARIO E O DEMOCRÁTICO.

O Liberalismo doutrinario conta en España, durante o reinado de Isabel II, como principais representantes cos Partidos Moderado e Progresista. Aínda que con diferencias notables (Moderados a favor da soberanía compartida e progresistas, nacional; moderados, alcaldes designados polo goberno, progresistas, alcaldes elixidos; Moderados, Senado elixido polo Rei, progresistas, Senado electivo...) ambos concordan nos principios do Liberalismo doutrinario.

Aínda que por España non se espallou a vaga revolucionaria que desde París se espallou por Europa en 1848, en 1849 vaise fundar o Partido Demócrata no que podemos destacar a figura de José María Orense, como un dos seus principais representantes e fundadores. No seu manifesto do 6 de abril de 1849 o Partido Progresista Democrático expuña os seus principios doutrinarios.

Aínda que ambos liberalismos representan a superación do Antigo Réxime, o fin do Absolutismo, a defensa dos dereitos e liberdades dos homes, o predominio da burguesía na nova sociedade de clases... as diferenzas entre ambos son notables en canto o sistema político, a relación e configuración dos poderes, a aplicación dos dereitos e liberdades, as relacións Igrexa-Estado e na consideración do pobo, tanto na súa participación política como obxecto das políticas que o Estado debe levar adiante.

En canto ós principios políticos, o Liberalismo Doutrinario avoga por unha Monarquía Constitucional na que a soberanía estea compartida entre o Rei e as Cortes cunha participación política do pobo moi restrinxida, sufraxio censatario, onde queda afastado, no mellor dos casos un 95%. O Liberalismo democrático afirma a soberanía nacional na súa forma democrática que leva asociado o sufraxio universal directo, e como sistema político unha Monarquía Parlamentaria e democrática a partir da vontade nacional, ou ben unha República (no caso español, a maioría dos demócratas defenden unha República Federal).

O Liberalismo doutrinario concede amplos poderes ó Rei quen detenta o poder executivo e comparte coas Cortes o poder lexislativo. O poder xudicial recae nos tribunais, pero non se admite o xuízo con xurados (os progresistas admítieno para delitos de imprenta). O Liberalismo democrático está a favor da rixida separación de poderes (non compartidos), correspondendo o poder lexislativo a un Parlamento Unicameral, ó mesmo tempo un poder xudicial que recae nos tribunais, como no Doutrinario, pero contempla o xuízo por xurados para todo tipo de delitos.

En canto ós dereitos e liberdades, o Liberalismo Doutrinario asume os dereitos civís, vida, liberdade, propiedade e liberdades como a de imprenta (os moderados restrínxenos mediante leis). O Liberalismo Democrático agrega que as liberdades e dereitos non só deben ser contemplados, senón garantidos. Defende a liberdade de imprenta sen ningunha traba e ademais engade por primeira vez dereitos e liberdades como a **liberdade de conciencia, de reunión, de asociación e o dereito á instrución primaria gratuíta.**

En canto á relación Igrexa Estado, o Liberalismo doutrinario, sobre todo os moderados, están de acordo co Estado confesional, é dicir, a afirmación da Relixión Católica como relixión oficial de España, mentres que o Liberalismo democrático defende a liberdade relixiosa.

Frente ó centralismo, control local e escasa ou nula participación cidadá que propugna o Liberalismo doutrinario, o Liberalismo democrático está a prol da implantación dunha Administración descentralizada e democrática: os concellos e os deputados provinciais son elixidos polo pobo, promoven o fomento da instrución pública e da Milicia Nacional, abolición de privilexios e un sistema fiscal constituído con contribucións proporcionais á riqueza.

O Liberalismo democrático asume a necesidade de medidas que melloren as condicións de vida dos cidadáns, como serían a reforma dos impostos de consumos e dereitos de portas, abolición das quintas, creación de escolas gratuítas e a culminación da desamortización.

	LIBERAL DOUTRINARIO	LIBERAL DEMOCRÁTICO
SISTEMA POLÍTICO	MONARQUÍA CONSTITUCIONAL	MONARQUÍA PARLAMENTARIA REPÚBLICA FEDERAL
SOBERANÍA	COMPARTIDA REI-CORTES	SOBERANÍA NACIONAL= SOBERANÍA POPULAR
TIPO DE ESTADO	ESTADO UNITARIO	ESTADO UNITARIO OU FEDERAL
PODERES	COMPARTIDOS (Lexislativo)	RÍXIDA SEPARACIÓN
	PARLAMENTO BICAMERAL	PARLAMENTO UNICAMERAL
	TRIBUNAIS SEN XURADO	TRIBUNAIS CON XURADO
DEREITOS E LIBERDADES	RESTRINXIDOS E SEN GARANTÍA	GARANTIDOS E AMPLIADOS: NOVOS: REUNIÓN, ASOCIACIÓN, CONCIENCIA, ENSINO GRATUÍTO
SUFRAXIO	CENSATARIO	UNIVERSAL
SISTEMA ADMINISTRATIVO	CENTRALIZADO	DESCENTRALIZADO
	ALCALDES NOMEADOS	ALCALDES ELIXIDOS POLO POBO
		FOMENTO INSTRUCCIÓN PÚBLICA MILICIA NACIONAL SIST FISC PROPORC. Á RIQUEZA
MEDIDAS MELLORAS SOCIAIS		REFORMA IMPOSTOS CONSUMOS ABOLICIÓN DAS QUINTAS ESCOLAS GRATUÍTAS REMATAR DESAMORTIZACIÓN
RELACIÓNS IGREXA	ESTADO CONFESIONAL	LIBERDADE RELIXIOSA
POLÍTICA ECONÓMICA	PROTECCIONISMO	LIBRECAMBISMO
TIPO DE GOBERNO	OLIGÁRQUICO	DEMOCRÁTICO
APOIOS SOCIAIS	NOTABLES-CLASES ALTAS	CLASES MEDIAS